



DECRETO DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA

A Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local (LBRL) estableceu, no seu Título X, o “réxime de organización dos municipios de grande poboación”. O artigo 124.4 k) de dita norma básica sinala como competencia da Alcaldesa *“Establecer a organización e estrutura da Administración municipal executiva, sen prexuízo das competencias atribuídas ao Pleno en materia de organización municipal, de acordo co disposto no parágrafo c) do apartado 1 do artigo 123”*. Remarca este último precepto citado que é unha atribución da Alcaldesa a determinación do número de cada un dos órganos existentes con nivel de coordinación xeral, dirección xeral ou órganos similares.

Como consecuencia do anterior, o artigo 122.2 do Regulamento Orgánico Municipal do Concello da Coruña (ROM) sinala que corresponde á Alcaldesa a fixación da estrutura da Administración Municipal Executiva, determinando o número de tales órganos. Así, de acordo co previsto nos artigos 129 e 130 da LBRL e 122 e 125 a 130 do ROM, o Decreto de Alcaldía DEC/AYT/3847, de 27 de xuño de 2019, modificou a estrutura da Administración Municipal Executiva do Concello da Coruña.

O Goberno municipal reestruturouse en virtude do Decreto desta Alcaldía de 1 de setembro de 2020, polo que resulta oportuno que dita nova estrutura das Áreas de Goberno da cidade se complete no eido da Administración Local Executiva, determinando a existencia de dous postos de Dirección de Área que non estaban previstos no Decreto de 27 de xuño de 2019

En consecuencia, en exercicio das atribucións da Alcaldía na determinación da estrutura da Administración Municipal Executiva e o número de órganos que a conforman, conferidas nos preceptos citados,

DISPOÑO

Primeiro.- Engádesse ao número PRIMEIRO do Decreto de Alcaldía DEC/AYT/3847, de 27 de xuño de 2019 o seguinte:

10. Dirección de Área de Deportes, adscrita á Área de Deportes, da que dependerá o seguinte servizo:

- Servizo de Deportes

11. Dirección de Área de Cultura, adscrita á Área de Alcaldía, da que dependerán os seguintes servizos:

- Servizo de Cultura
- Servizo de Bibliotecas
- Servizo de Museos Científicos

Segundo.- A dependencia dos servizos establecida no número anterior non se fará efectiva até que a Xunta de Goberno Local provea o nomeamento das persoas titulares das Direccións de Área previstas nel, continuando, no entanto, coa dependencia vixente actualmente.

Terceiro.- Dar conta do presente Decreto á Xunta de Goberno Local e ao Pleno da Corporación e publicalo no taboleiro da web municipal, así como no Boletín Oficial da Provincia.

Casas Consistoriais da Cidade da Coruña, a 6 de outubro de 2020.

A ALCALDESA

Inés Rey García

